



MOCIÓN PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A REVISAR O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DA LEI DE DEPENDENCIA

Santiago V. Amor Barreiro, voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Ames, en nome e representación do mesmo e ao abeiro do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1º.- Como consecuencia da entrada en vigor da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, popularmente coñecida como Lei de Dependencia e na que se regulan as condicións básicas de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia mediante a creación dun Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), no que colaboran e participan todas aquelas Administracións Públicas con competencias na materia, producíronse unha serie de cambios drásticos que condicionaron de forma importante o funcionamento dos servizos sociais municipais, afectados dunha insuficiencia orzamentaria importante e dunha dependencia total do Plan Concertado da Xunta de Galicia.

Esta nova Lei dotou de dereitos obxectivos e obxectivables ao colectivo de Dependentes, que hoxe, transcorridos case tres anos desde a entrada en vigor desta lei atópase francamente lonxe de ser conseguidos polas administracións. Neste punto, cabe recordar que a Lei de Dependencia contemplaba un calendario de posta en marcha extremadamente ambicioso, que se foi incumprindo de forma progresiva, ante a incapacidade de xestión das comunidades autónomas, e ante a falta de servizos e recursos económicos suficientes para facer efectivos os dereitos recoñecidos á poboación considerada como gran dependente.

En Galicia, a realidade demográfica, sociolóxica e xeográfica supuxo un hándicap engadido. A elevada porcentaxe de poboación envellecida, a dispersión poboacional e a propia orografía levan un sobrecusto para os servizos básicos que de forma directa prestan os concellos e a Xunta de Galicia. O certo é que estas circunstancias fan que Galicia arrastre un atraso importante na aplicación da Lei de Dependencia e tendo en conta que un dos maiores obstáculos é a insuficiencia financeira conviría revisar o sistema implantado polo Goberno co obxecto de conseguir que este se comprometa de verdade coa Lei e, por extensión, que o cidadán poida recibir os servizos efectivos

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES



GRUPO
MUNICIPAL

que a lei garante dun xeito máis áxil e dentro dun espazo temporal máis reducido. Non é de recibo crear unha norma que xera tantas expectativas sen dotala dos recursos económicos necesarios e sen pactar o sistema de financiamento cos Gobernos Autonómicos e as Administracións locais, as dúas institucións que en última instancia sen están responsabilizando da aplicación da mesma.

No noso concello no ano 2007, 231 persoas presentaron solicitude, no 2008, 136 e no 2009, 77.

Nestes momentos, 397 persoas están valoradas e 47 están pendentes de valoración. As persoas que están no programa individual de atención (PIA) suman 1.356.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación as seguintes:

PROPOSTAS DE ACORDO:

PRIMEIRA.- Instar ao Goberno Central a que asuma o 50% do custo do servizo efectivo outorgado polas CC.AA. na Lei de Dependencia, buscando o cumprimento da lei.

SEGUNDA.- Instar ao goberno da Xunta de Galicia a devolver aos concellos o protagonismo que sempre tiveron na atención social, delimitando competencias e buscando fórmulas de colaboración entre concellos, deputacións e Xunta de Galicia, para que o cidadán reciba os servizos efectivos que a lei lle garante.

TERCEIRA.- Instar ao goberno central a ter en conta o recoñecemento económico efectivo acorde á situación de dispersión e envellecemento de Galicia.

CUARTA.- Instar á Xunta de Galicia e aos gobernos municipais a colaborar con todas as entidades prestadoras de servizos sociais para garantir unha rede coordinada de servizos para garantir unha oferta suficiente de prazas de residencia, centros de día, axuda a domicilio, teleasistencia e centros especializados como os de alimentación e distribución de comidas, alzheimer, discapacitados psíquicos e físicos.

En Ames a 17 de Novembro de 2009

Asinado: Santiago V. Amor Barreiro

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES